



CONVENIO ENTRE A ASOCIACIÓN PARA EL PROGRESO DE LA DIRECCIÓN (APD), A ASOCIACIÓN CÍRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA (CFV) E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) PARA A MELLORA DAS COMPETENCIAS DIRECTIVAS

REUNIDOS

Dunha parte, D. Enrique Sánchez de León García, en nome e representación da Asociación para el Progreso de la Dirección (en diante, APD), con CIF nº G-28197994 e domicilio en Madrid, rúa José Abascal, nº 59. Comparece na súa calidade de director xeral da devandita asociación, en virtude dos poderes que lle foron outorgados ante o notario de Madrid, D. Luis Sánchez Marco, en data 9 de xaneiro de 2009.

Doutra parte, D. Manuel Rodríguez Vázquez, en nome e representación da Asociación Círculo de Empresarios de Galicia (en diante, CFV), con CIF nº G-36.823.094 e domicilio en Vigo, rúa García Barbón, nº 62. Comparece na súa calidade de presidente da devandita asociación, cargo para o que foi nomeado o 29 de setembro de 2021 na Asemblea Xeral de Socios do Círculo de Empresarios de Galicia, en virtude da aceptación do cargo e dos poderes que lle foron outorgados ante o notario de Vigo, D. Pablo Rueda Rodríguez-Vila, en data 3 de novembro de 2021.

Doutra parte, D. Fernando Guldrís Iglesias, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), con NIF Q6550010J e domicilio en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de director xeral. Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

I. Que o Igape é a Axencia de Desenvolvemento Rexional de Galicia, entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

Neste sentido, o papel do Igape na mellora da competitividade e produtividade das empresas, ten varios eixos de actuación, entre os que destaca mellorar as bases da gobernanza das empresas galegas a través, entre outras accións, da capacitación dos seus órganos de goberno e cadros directivos como chave do éxito e crecemento sostido e sostible das empresas e do tecido empresarial.

II. Para desenvolver este complexo e fundamental eixo, o Igape deseñou un amplo programa de actuacións denominado Plan Capacita, dentro do que, no seu apartado de formación e difusión de tendencias e cultura de empresa, quere desenvolver un programa sistemático de capacitación dirixido aos directivos de empresa galega.

III. Para desenvolver as diferentes liñas de actuación previstas no Plan Capacita, o Igape debe contar, en todo caso, cos colaboradores que considere que poden aportar un valor excepcional á posta en marcha das accións. Con carácter xeral, a busca dos colaboradores axeitados poderase facer mediante pública convocatoria ou ben por singularidade e unicidade dalgunha institución ou organización para un determinado obxectivo.





Na acción obxecto deste convenio o Igape prevé a organización de 9 eventos no ano 2022, deseñados para a concienciación e posta ao día dos cadros directivos das empresas galegas, tanto en materia de desenvolvemento integral, como nas diferentes áreas de xestión que poidan incidir na conta de resultados futura das empresas, prestando especial atención á capacitación das persoas.

IV. Que APD é unha asociación sen fin lucrativo que ten como fins sociais promover e realizar o intercambio de coñecementos, experiencias e técnicas de cantas persoas desempeñan nas empresas privadas ou entidades públicas as funcións de alta dirección, goberno ou administración, así como aquelas outras que, por vía de delegación levan a xestión dunha ou varias áreas funcionais das mesmas, co fin de perfeccionar e actualizar a formación dos asociados nas súas actividades específicas, todo elo dirixido ao ben común.

Creada en 1956, APD ten como obxectivo último contribuír ao desenvolvemento profesional e persoal de directivos e empresarios, cara a lograr unha sociedade máis forte, dinámica e preparada para afrontar os retos presentes e futuros.

APD persigue o progreso dos directivos de empresa. Para elo, organiza congresos, xornadas, cursos, seminarios, cineforum, almozos coloquio, etc. Ademais, a asociación xera contidos na revista mensual de APD e no portal www.apd.es.

V. Como asociación sen fin de lucro especializada e sen parangón no eido do desenvolvemento directivo, na capacidade de organización de eventos de alto nivel dirixidos ao progreso da dirección e na capacidade de convocatoria de asistentes: directivos, órganos de goberno e mandos intermedios ás iniciativas que organiza, cómpre salientar algunhas das súas cifras máis relevantes e ilustrativas:

- Máis de 3.500 empresas asociadas en toda España.
- 220.000 directivos.
- Máis de 53.000 asistentes ao ano aos eventos organizados.
- Máis de 700 eventos anuais.
- Máis de 2.800 expertos e líderes empresariais participan como relatores.
- Máis de 2.000.000 visitas totais anuais ao portal.
- Máis de 60.000 rexistrados na páxina web.

VI. APD conta en España con presenza propia en 15 comunidades autónomas. Internacionalmente, está presente en Marrocos, Colombia, Perú, Ecuador e Portugal.

O obxectivo é expandir o concepto e modelo APD en todos aqueles países nos que poida ter sentido e carezan dunha institución similar.

No caso de Galicia, as capacidades especiais e diferenciadoras de APD son as seguintes:

- Máis de 100 actividades ao ano.
- Máis de 7.000 directivos asistentes ás actividades que organiza anualmente en Galicia.
- 700 dos máis de 3.500 socios teñen domicilio ou delegación en Galicia.

VII. Que o Círculo de Empresarios de Galicia é a asociación empresarial privada mais destacada do nordeste peninsular que defende os intereses das mulleres e homes da empresa, contribuíndo ao crecemento económico de Galicia e do norte de Portugal. Fundada en 1992, esta entidade de carácter independente e sen ánimo de lucro está integrada por cerca de 500 asociados, entre os que se encontran 350 empresas cuxo volume de negocio supera os 15.000 millóns de euros.

Concibido como punto de encontro de empresarios, directivos e profesionais, o Círculo consolidouse como un foro de reflexión, debate e formulación de ideas e propostas



orientadas a contribuír ao crecemento e benestar socioeconómico da sociedade, aportando unha visión estratéxica e global.

Está integrado polas empresas mais importantes de Galicia, pertencentes ás máis diversas actividades económicas, as empresas accionistas caracterízanse por ocupar posicións de liderado nos seus respectivos sectores e mercados. Os seus negocios –empresarios, altos executivos e profesionais- comparten un forte compromiso co progreso social e económico de Galicia.

O Círculo de Empresarios de Galicia forma parte do “Grupo Economía y Sociedad”, fundado no 2006 e integrado por oito asociacións empresariais de diferentes comunidades autónomas –Círculo de Economía (Barcelona), Círculo de Empresarios (Madrid), Círculo de Empresarios Vascos, Asociación Valenciana de Empresarios, Institución Futuro de Navarra, Observatorio Económico de Andalucía e Círculo de Economía de Mallorca-, que comparten a mesma filosofía e que se reúnen con carácter periódico co obxectivo de manter unha canle de colaboración que propicie a toma de posturas públicas comúns na defensa do desenvolvemento económico e a modernización do tecido empresarial de España.

Case medio millar de actividades organizadas pola institución, ás que se suman os actos celebrados polos seus asociados, confirman a esta organización como un punto de encontro de primeiro nivel para as relacións empresariais e a posibilidade de negocios en Galicia.

Os obxectivos do Círculo son:

- Impulsar unha cultura empresarial, emprendedora e dinámica. Soamente dende un tecido empresarial vertebrado e dende unha sociedade civil forte –da que o empresariado é un dos seus sectores mais representativos- pódense impulsar os cambios políticos, sociais, económicos, etc. que a sociedade do século XXI necesita.
- Reforzar o liderado social e económico de Galicia, e impulsar o crecemento e consolidación da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal, na que debemos asumir un papel de liderado.
- Ser unha organización de referencia, no que á elaboración de opinión empresarial se refire, para os públicos e as forzas sociais, en todos aqueles temas que afectan ao crecemento económico de Galicia e a Eurorrexión.
- Fomentar, a través dos nosos foros sectoriais, o intercambio de experiencias e a difusión da análise socioeconómica e novas tendencias, co fin de contribuír a propiciar as condicións que favorezan a competitividade das nosas empresas.
- Fortalecer un marco activo das relacións empresariais, que axude ao acceso de novas oportunidades de negocio, que promovan e favorezan a cooperación entre os empresarios, articulando así o sector empresarial de Galicia.

VIII. O obxectivo do convenio IGAPE-CFV-APD de impactar nas persoas clave das empresas mediante numerosas accións de formación e difusión do máximo nivel, concorda especificamente coas prestacións habituais de APD, reforzada pola acción conxunta co Círculo de Empresarios de Galicia e o Igape, ofrecendo este acordo de asociación a vía única e directa de acadar a cobertura, tanto en número e nivel dos eventos, como en obxectivos de número e perfil de asistentes a captar, podendo conxuntamente Igape-CFV-APD, ofrecerlle ás empresas galegas, e ao tecido produtivo en xeral, enormes posibilidades en aras, por exemplo, de alcanzar maiores economías de escala, coñecer as pautas de xestión e dirección mais novidosas tanto no cumio da empresa como nos departamentos e



negociados específicos e así favorecer a diversificación de mercados, os acordos tecnolóxicos ou comerciais, a mellora da notoriedade e diferenciación dos produtos ou marcas e, asemade, entrar en contacto con outros directivos, competidores e non competidores que estimulen e incrementen a eficiencia económica, o desenvolvemento persoal e organizativo e a capacidade competitiva.

Mediante esta colaboración, APD e CFV poderán exercitar en maior medida e cun incremento claro de impactos, a súa actividade en Galicia mellorando así as súas prestacións, en número e calidade, para os directivos e mandos intermedios das empresas galegas. As actuacións complementarán ás iniciativas desenvolvidas entre 2015 e 2021, na que se levaron a cabo a totalidade de eventos previstos. A acollida por parte do tecido empresarial foi moi favorable, cumpríndose deste xeito os obxectivos de asistentes establecidos nos convenios, así como o nivel de satisfacción recollido nas enquisas de control.

Tendo en conta estas consideracións, o IGAPE, APD e o CFV levarán a cabo, de forma conxunta, a realización de actividades de formación e difusión de claves, tendencias, goberno, dirección, organización e xestión de empresas, cara a incrementar as competencias directivas e así a capacidade competitiva das empresas galegas.

Por todo iso, APD, CFV e o Igape están interesados en colaborar para a consecución dos obxectivos comúns nas materias ás que se fai mención nos expositivos precedentes e, para ese efecto, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente convenio a colaboración entre as partes, para a consecución dos obxectivos comúns de formación e capacitación para o progreso da dirección da empresa galega, e por ende, contribuír aos piares fundamentais da mellora da produtividade, a competitividade e a internacionalización das pequenas e medianas empresas, especialmente no eido da Industria do futuro 4.0, a transformación dixital e sustentable, que son as competencias das persoas que rexen ás organizacións.

A tal fin, organizaranse 9 eventos de diferente temática que permitan incidir nos distintos enfoques existentes en calquera organización empresarial.

Os obxectivos detallados de actuación ao abeiro do presente convenio, tanto en materia e tipoloxía de eventos como en obxectivos de asistencia e perfil dos asistentes, figuran no resto de cláusulas.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS CONXUNTAS DO CONVENIO

As actuacións de capacitación (formación/difusión) que ambas partes consideran oportuno xestionar a través do presente convenio materializaranse durante o ano 2022, e desenvolveranse nos seguintes eidos:

- AC1: Unha nova edición, edición IX do **evento "O mundo que ven"**, está dirixido a anticipar tendencias e ofrecer unha visión xeral que contribúa á planificación estratéxica das empresas galegas, dirixido ás cúpulas e directivos das empresas cun obxectivo de





participación de arredor de 500 asistentes e terá lugar en Santiago de Compostela. O lema deste ano será "O mundo que ven: Un novo modelo de sociedade e empresa".

- **AC2: Evento "I FORO DE SOSTIBILIDADE"**: a competitividade vai cada vez mais da man da sostibilidade no seu mais amplo sentido. Así, unha compañía competitiva e sostible é aquela que produce beneficios minimizando o impacto ambiental e desenvolvendo a súa actividade de xeito socialmente responsable. En liña con esta nova concepción, dixitalización, transición ecolóxica e reindustrialización, constitúen os tres pilares arredor dos que se artella o investimento dos Fondos de Recuperación procedentes da UE. O obxectivo de participación é de 250 asistentes.
- **AC3: Por quinto ano consecutivo, promoverase o Encontro Empresarial da Maker Faire 2022**, onde se trataría de organizar unha xornada con contidos e expertos de elevado interese tanto para "makers" e "start-ups" como para directivos de empresas galegas. Despois das exitosas experiencias de anos anteriores, preténdese debater, na maior feira de inventores organizada en Galicia, o presente e futuro dos principais sectores de actividade en Galicia, a través da innovación e a tecnoloxía, ademais de fomentar o acceso das empresas ás ideas dos "makers", ao tempo que se busca que os "makers" atopen viabilidade empresarial para os seus proxectos. O obxectivo de participación é de arredor de 250 asistentes, e terá lugar en Santiago de Compostela os días 2 e 3 de xuño.
- **AC4: Un evento: 10 Temas estratéxicos para o futuro de Galicia**, que será un percorrido polos 10 sectores que se convocaron nas edicións 2020 e 2021, coa participación de importantes actores de todos eles.
- **AC5: Cinco eventos "Temas estratéxicos para o futuro de Galicia"**, tratarán de conectar Sectores-Persoas e Tecnoloxías, mediante a organización e desenvolvemento de encontros coa finalidade de concienciar. Estas actuacións desenvolveranse en Vigo-Santiago de Compostela-A Coruña-Ourense e Lugo e prevese dirixir a cinco eidos estratéxicos (un por xornada): Economía circular, Sector primario (terra e mar), Mobilidade avanzada e sostible, Industrias Creativas e Medicina avanzada e personalizada. Estarán dirixidas tamén á propiedade e directivos das empresas cun obxectivo de participación de arredor de 100 asistentes por xornada, para un total non inferior a 500 asistentes no conxunto das actividades AC4 e AC5.

A cantidade de eventos e o número de asistentes que se indican son os valores para considerar unha execución completa do convenio.

As partes poderán, de xeito consensuado, organizar actividades a maiores ao abeiro deste convenio, modificar o formato das actuacións ou dividir/concentrar algunha, sempre que se manteñan os obxectivos de participación globais.

TERCEIRA.- GASTOS ATENDIBLES

Considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubidable responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

- 1.- Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 15 de novembro de 2022.



2.- O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Non obstante o anterior, o IVE vinculado aos gastos atendibles, terá tamén a consideración de gasto atendible se a entidade acredita a súa exención expresa mediante certificación ao respecto da AEAT ou que tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación algunha por parte da entidade. Esta acreditación farase mediante Certificado de Situación Censual expedido pola AEAT no cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto acompañado de certificado da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias ambos a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación de AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

3.- Todos os gastos externos iguais ou superiores aos 3.000 € deben ser sometidos a aprobación do Igape antes da súa contratación.

4.- Cando o importe do gasto externo sexa igual ou superior a 15.000 € + IVE, APD ou CFV deberán solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores sen que entre eles poida existir vínculo societario, laboral ou de calquera índole de dependencia, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Asemade en calquera de ámbolos supostos precisarase polo menos a aprobación ex ante do Igape deses gastos e ulterior xustificación e ratificación na Comisión de Seguimento do convenio.

5.- Os gastos nos que incorra APD e o CFV serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio, e decrementarán o importe total a achegar polos asinantes na mesma porcentaxe que achegan ao convenio. En ningún caso a contribución do Igape aos fins do convenio superará o 70% do gasto incorrido atendible, unha vez detraídas as devanditas cantidades.

6.- Todos os gastos externos xustificadas por APD e CFV deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificadas, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

7.- O Igape farase cargo dun máximo dun 70% dos gastos totais atendibles das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 30% restante á aportación de APD e o CFV.

Os gastos clasificaranse en:

a) Custos de persoal de APD ou CFV.

En base a nóminas pagadas, gasto de Seguridade Social e importes retidos en concepto de IRPF e certificado de dedicación ao proxecto.

b) Desprazamentos e aloxamentos de relatores, e persoal de APD e CFV, cando proceda.

c) Alugueiros de espazos e medios.

d) Gastos de publicidade e marketing dos eventos.

e) Remuneración de poñentes.





- f) Custos de servizos prestados polas propias entidades, suxeitos a tarifas públicas e demostrables.
- g) Outros gastos externos que respondan indubidablemente á realización das actividades e fins do convenio, e que non superarán o 30% dos gastos totais xustificados.

CUARTA.- COMPROMISOS DO IGAPE

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 119.850 € con cargo á partida orzamentaria **06.A1 741A 6411** para o ano 2022. O anexo I "Memoria Económica" detalla esta contribución.

Partida	2022
06.A1 741A 6411	119.850 €

Tanto APD como CFV carecen de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.

- ❖ Igape comprométese a colaborar na organización e difusión dos eventos, e dar o visto e prace das programacións presentadas a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula novena sobre as propostas realizadas por APD/CFV.
- ❖ Asemade, deberá especificar a participación dos representantes da Xunta de Galicia, das súas Consellerías ou departamentos e do propio Igape, cunha antelación mínima de 10 días naturais antes da data prevista de celebración.
- ❖ No marco desta colaboración, o Igape difundirá o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunos.

QUINTA.- COMPROMISOS DE APD

- ❖ APD responsabilízase de organizar os eventos AC1, AC2 e AC3 da cláusula segunda, de acordo coa táboa do Anexo I (memoria económica) na súa totalidade, en estreita colaboración co Igape e co CFV, acordando co Igape a súa programación e contribuíndo economicamente ás actividades tal e como se describe no dito anexo.
- ❖ APD comprométese a propoñer ao Igape o contido do evento, os poñentes, a data, e calquera outro detalle de organización relevante, que o Igape deberá aprobar antes de levar a cabo as actividades. Este proceso de proposta e visto bo levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.
- ❖ APD será responsable da captación de asistentes e da difusión e marketing do evento, incluíndo en tódalas comunicacións o logotipo de APD, CFV e o do Igape asociado ao da Xunta de Galicia.
- ❖ A non execución destes eventos conlevará unha penalización polo importe estimado no Anexo I.
- ❖ APD será responsable de acadar os obxectivos de asistentes establecidos na cláusula segunda para este evento. Aceptaranse variacións de ata o 20% sobre o obxectivo de asistentes, sen que isto penalice a achega do Igape. Unha desviación negativa sobre o obxectivo de asistentes superior ao 20% conlevará unha penalización na contribución do Igape pola porcentaxe de desviación rexistrado.
- ❖ De acordo co establecido na cláusula segunda as partes poderán, de xeito consensuado, organizar actividades a maiores ao abeiro deste convenio, polo que, no seu caso, o número de asistentes a eventos que se puideran organizar a maiores dos programados teranse en conta para o cómputo do indicador, sen que incrementen o obxectivo do mesmo.



- ❖ APD procurará obter patrocinios concorrentes, públicos ou privados, para a organización dos eventos, para elo, poderá contar co respaldo do CFV e do propio Igape, de xeito que se contribúa a reducir a achega prevista polo Igape ou incrementar a programación e o impacto total do programa.
- ❖ Neste evento ou, no seu caso, nas actividades que se organicen a maiores ao abeiro deste convenio, preverase a posible participación de representantes da Xunta de Galicia, das súas Consellerías ou departamentos adscritos e do propio Igape.

SEXTA.- COMPROMISOS DE CFV

- ❖ CFV responsabilízase de organizar os eventos AC4 e AC5 da cláusula segunda, de acordo coa táboa do Anexo I na súa totalidade, en estreita colaboración co Igape e con APD, acordando co Igape a súa programación e contribuíndo economicamente ás actividades tal e como se describe no dito anexo.
- ❖ CFV comprométese a propoñer ao Igape o contido do evento, os poñentes, a/s data/s, e calquera outro detalle de organización relevante, que o Igape deberá aprobar antes de levar a cabo as actividades. Este proceso de proposta e visto bo levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.
- ❖ CFV será responsable da captación de asistentes e da difusión e marketing do evento, incluíndo en tódalas comunicacións o logotipo do Círculo de Empresarios de Galicia, APD e o do Igape asociado ao da Xunta de Galicia.
- ❖ A non execución dalgún destes eventos conlevará unha redución do seu custo e da aportación do Igape polo importe estimado no Anexo I.
- ❖ CFV será responsable de acadar o obxectivo de asistentes establecido na cláusula segunda. Aceptaranse variacións de ata o 20% sobre o obxectivo de asistentes, sen que isto penalice a achega do Igape. Unha desviación negativa sobre o obxectivo de asistentes superior ao 20% conlevará unha penalización na contribución do Igape pola porcentaxe de desviación rexistrado.
- ❖ De acordo co establecido na cláusula segunda as partes poderán, de xeito consensuado, organizar actividades a maiores ao abeiro deste convenio, polo que, no seu caso, o número de asistentes a eventos que se puideran organizar a maiores dos programados teranse en conta para o cómputo do indicador, sen que incrementen o obxectivo do mesmo.
- ❖ CFV procurará obter patrocinios concorrentes, públicos ou privados, para a organización dos eventos, para elo, poderá contar co respaldo de APD e do propio Igape, de xeito que se contribúa a reducir a achega prevista polo Igape ou incrementar a programación e o impacto total do programa.
- ❖ Neste evento ou, no seu caso, nas actividades que se organicen a maiores ao abeiro deste convenio, preverase a posible participación de representantes da Xunta de Galicia, das súas Consellerías ou departamentos adscritos e do propio Igape.

SÉTIMA.- PAGAMENTO DA CONTRIBUCIÓN DO IGAPE

A contribución do Igape será aboada unha vez solicitado o pago mediante a presentación dunha certificación de gastos de APD e outra de CFV comprensivas dos gastos incorridos e a correspondente documentación xustificativa.

A dita certificación será presentada antes do 15/11/2022, e farase vía electrónica, na oficina virtual do Igape na páxina <http://tramita.igape.es>, en particular a través do código de procedemento P001, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relacionan a continuación.

APD e CFV responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.





A solicitude de pagamento estará integrada por:

1.- Certificación do gasto, segundo modelo do Anexo II: certificación comprensiva da relación clasificada dos gastos externos presentados para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, seu importe, data de emisión e data de pago e mediante a cal se solicita o pagamento.

2.- Memoria dos eventos realizados:

- ❖ Datas e lugares de celebración.
- ❖ Programa de cada evento.
- ❖ Listado de asistentes a cada evento.
- ❖ Documentación audiovisual: ponencias, fotografías do evento, etc.

3.- Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, incluída no Anexo II.

4.- Declaración responsable da persoa que asina a solicitude, en representación do organismo, de que a documentación que se presenta en copia dixitalizada constitúe unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Igape, incluída no Anexo II. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado para o cal se lle poderá requirir e exhibición do documento orixinal.

5.- Certificacións expedidas polas respectivas administracións públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que o Igape realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula 14 deste convenio APD e CFV autorizan a realización desta consulta.

6.- Documentación xustificativa da realización e pagamento do 100% do custo das actividades realizadas:

- ❖ Gastos externos: Xustificación dos gastos externos: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e xustificante bancario do seu pago.

- ❖ Declaración expresa de que as persoas ou entidades subcontractadas para as actividades obxecto da colaboración non teñen vinculación societaria empresarial co organismo que realiza a contratación.

- ❖ Custos de persoal:

- Para a imputación dos gastos de persoal ao proxecto, APD/CFV deberán realizar, con anterioridade á execución do convenio, a asignación de persoal ás actividades obxecto do convenio, indicando as porcentaxes de dedicación previstas.

- Na fase de xustificación: Certificado de dedicación emitido por APD/CFV, segundo corresponda, deixando constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada.

- Nóminas pagadas e xustificante do seu pago.





- Seguridade social do período que se alega: Documento/s de relación nominal de traballadores e documento/s de cálculo da liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago.
- Importes retidos do IRPF do período que se alega: Modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.

❖ No caso de dietas:

- Folla de liquidación de gasto da dieta firmada polo traballador e o responsable de autorizar o pago, na que quede acreditado a vinculación do gasto os fins deste convenio, e a xustificación do pago.

❖ Custos de servizos prestados polas propias entidades, suxeitos a tarifas públicas e demostrables: xustificación suficiente a xuízo do Igape das tarifas aplicables e informe acerca dos servizos prestados.

❖ Para a consideración do IVE como gasto atendible:

- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE): Certificación da AEAT de exención do IVE ou
- Se tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación algunha por parte da entidade: Certificado de situación censual expedido pola AEAT no cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto acompañado de certificado da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias, ambos a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación de AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

❖ Cando o importe do gasto atendible supere a contía de 15.000€ + IVE, as tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, agás que polas especiais características dos gastos atendibles non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á sinatura deste convenio (circunstancia que se acreditará mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañado da documentación de acreditación do pagamento). No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

❖ Outros ingresos: Certificado de achegas concorrentes, públicas ou privadas, para a organización dos eventos xustificadas, non podendo superar o 100% do seu custo total.

7.- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

Requisitos:

- Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

- Os gastos deben estar realizados antes do 15/11/2022. Non obstante o anterior, tendo en conta que é atendible o custo laboral bruto, para a xustificación da totalidade dos custos laborais realizados no último período do ano, serán tidos en conta os xustificantes de pago da Seguridade Social e ingreso do IRPF correspondentes a meses de 2022, aínda que o seu





pagamento se realice, conforme a normativa reguladora, con posterioridade a esta data. Ditos xustificantes serán aportados ao Igape, á maior brevidade posible, unha vez realizados os correspondentes pagos.

O Igape abonará a APD e a CFV, segundo corresponda o 70% dos custos xustificados.

Procederá a minoración das contribucións cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio non acaden os importes dos gastos xustificables e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto, de acordo co establecido na cláusula quinta e sexta de compromisos de APD e CFV. Considerarase unha execución deficiente do convenio aquela que non acaden un 50% dos obxectivos de asistencia previstos. Neste caso, resolverase o convenio e APD e CFV deberán reintegrar, no seu caso, as cantidades xa percibidas pola execución parcial do mesmo.

APD e o CFV manterán a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia deste convenio.

OITAVA.- VIXENCIA

Establécese como prazo de vixencia o comprendido entre a data de sinatura do convenio e o 30 de decembro de 2022. O convenio poderá ser prorrogado, previo acordo das partes, por un período igual ao da vixencia inicial.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO



Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha Comisión de Seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes do Igape, un representante de CFV e un representante de APD, que se reunirá regularmente unha vez cada trimestre en sesións ordinarias e a petición dunha das partes se se desen circunstancias extraordinarias que así o aconsellaran. A citada Comisión estará presidida por un dos representantes do Igape que terá voto de calidade, agás en decisións de adxudicación ou contratación que impliquen condicións gravosas para APD ou CFV que se tomarán por unanimidade. Asistirá sen voto un técnico para levantar acta das sesións. Asemade, tamén sen voto, poderá asistir ás reunións da Comisión o persoal de apoio aos representantes das entidades que se consideren convenientes.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. Exercerá tamén as funcións de aprobación dos contidos dos eventos, os poñentes, as datas, a programación de eventos a maiores, o desglose ou concentración dos inicialmente previstos e calquera outro detalle de organización relevante, ás que se refire a cláusula quinta e sexta do convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓNS

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

UNDÉCIMA.- PUBLICIDADE

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicarán no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

APD e CFV deberán subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

DUODÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais





e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de APD e CFV, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométese a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen tido acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse a APD e CFV, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte a APD e CFV do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

DÉCIMO CUARTA.- AUTORIZACIÓNS

APD e o CFV consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese a autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. No caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.



DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade con seu artigo 6, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. En caso de conflito as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO SEXTA.- NORMATIVA APLICABLE.

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 20 de abril de 2022.

Polo **IGAPE:**

Fernando Guldrís Iglesias
Director xeral

Pola **ASOCIACIÓN PARA EL PROGRESO
DE LA DIRECCIÓN (APD):**

Enrique Sánchez de León García

Pola **ASOCIACIÓN CÍRCULO DE EMPRESARIOS
DE GALICIA (CFV):**

Manuel Rodríguez Vázquez





ANEXO I: MEMORIA ECONÓMICA

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 119.850,00 € con cargo á partida orzamentaria 06.A1-741A-6411.

O Igape farase cargo dun máximo dun 70% dos gastos totais das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 30% restante á aportación de APD e CFV segundo as actividades das que cada un se fai responsable. Considéranse gastos atendibles aqueles que de xeito indubidable responden á natureza das actividades e fins do convenio. Os gastos clasificaranse do seguinte xeito:

1. Custos de persoal de APD ou CFV.
2. Desprazamentos e aloxamentos de relatores, e persoal de APD e CFV, cando proceda.
3. Alugueiros de espazos e medios.
4. Gastos de publicidade e marketing dos eventos.
5. Remuneración de poñentes.
6. Custos de servizos prestados polas propias entidades, suxeitos a tarifas públicas e demostrables.
7. Outros gastos externos que respondan indubidamente á realización das actividades e fins do convenio e que non superarán o 30% dos gastos totais xustificadas.

O resumo dos custos estimados por tipo de actividade e participante é o seguinte:

Evento (cláusula 2)	Organiza	Importe IGAPE	APD	CFV	Total
AC1	APD	30.000,00 €	12.857,14 €	- €	42.857,14 €
AC2	APD	15.000,00 €	6.428,57 €	- €	21.428,57 €
AC3	APD	15.000,00 €	6.428,57 €	- €	21.428,57 €
AC4	CFV	9.975,00 €	- €	4.275,00 €	14.250,00 €
AC5	CFV	49.875,00 €	- €	21.375,00 €	71.250,00 €
Total		119.850,00 €	25.714,28 €	25.650,00 €	171.214,28 €

Para o cálculo dos custos unitarios por cada un dos eventos tomáronse os seguintes custos estimados:

Tipo de evento	AC1	AC2	AC3	AC4	AC5
Nº de encontros	1	1	1	1	5
Aportación custo unitario Igape	30.000,00	15.000,00	15.000,00	9.975,00	9.975,00
Aportación custo unitario APD/CFV	12.857,14	6.428,57	6.428,57	4.275,00	4.275,00
Custo unitario total	42.857,14	21.428,57	21.428,57	14.250,00	14.250,00

Así, dado que o Igape achega ao convenio un 70% dos gastos xustificadas cun orzamento máximo de 119.850,00 €, o resumo das achegas de cada participante ao convenio é o seguinte:

Participante	Aportación
IGAPE	119.850,00 €
APD	25.714,28 €
CFV	25.650,00 €
Total	171.214,28 €

APD e CFV carecen de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.



ANEXO II
CERTIFICACIÓN DE GASTOS

		CONVENIO IGAPE-APD-CFV "MELLORA DE COMPETENCIAS DIRETIVAS"						TITULAR:				
		DOCUMENTO XUSTIFICATIVO DO GASTO						DOCUMENTO DE PAGO				
Actuación	CONCEPTO DE GASTO	Nº	DATA	MEDIO / PROVEDOR	Descrición/ Concepto	IMPORTE TOTAL	IMPORTE GASTOS IMPUTABLES AO CONVENIO	TIPO e Nº	DATA	IMPORTE	CONTA CARGO	ENTIDADE FINANCEIRA
TOTAL ALEGADO											TOTAL PAGADO	

Don/Dona _____ con NIF nº _____, actuando en nome e representación da entidade arriba indicada,

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o _____ e o _____ incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes atendibles no convenio de referencia por un importe de _____ euros. Os ditos gastos reflíctense fielmente na contabilidade da empresa. Que para a tramitación desta certificación de gastos presenta a documentación requirida no convenio.

DECLARA:

- Que os datos consignados nesta certificación son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.



Que a seguinte conta bancaria, da cal é

titular a entidade de referencia, é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape ao obxecto do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica, a Asociación para el Progreso de la Dirección e a Asociación Círculo de Empresarios de Galicia CFV para a execución do programa "Mellora das competencias directivas",

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á entidade arriba indicada o importe de _____ euros, ingresándose na seguinte conta bancaria: _____

_____, _____ de _____ de _____
(Sinatura do/a representante)